

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria: Ordinaria

Data: 29 de febreiro de 2024

Duración: Dende as 20:00 até as 20:48 horas.

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidida por: MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ

Secretaria: CLARA ORTEGA FERNANDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ



Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, celebradas os días 21/12/2023, 23/01/2024, 07/02/2024 e 22/02/2024.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Polo Sr. Alcalde sométense a aprobación as actas das sesións anteriores, celebradas os días 21 de decembro de 2023, 23 de xaneiro de 2024, 7 de febreiro de 2024 e 22 de febreiro de 2024.

Non presentándose observación algunha ás mesmas, resultan aprobadas por unanimidade dos membros da Corporación.

Expediente 118/2024. Modificación da Ordenanza Fiscal do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil Municipal do Concello de Outes.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Providencia de Alcaldía	15/02/2024
Informe-Técnico Económico	19/02/2024
Informe de Interese Social	19/02/2024
Informe de Intervención	CONTROL FINANCIERO 2024-0020
Informe de Secretaría	2024-0044.
Ditame da Comisión Informativa de Facenda	22/02/2024

Pola Comisión Especial de Contas propónse ao Pleno da Corporación, de acordo co previsto no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Prezo Público pola prestación do Servizo da Escola Infantil Municipal do Concello de Outes.



SEGUNDO. Fixar os seguintes prezos públicos pola prestación do servizo da Escola Infantil Municipal do Concello de Outes:

TRAMOS RENDA PER CÁPITA			ATENCIÓN EDUCATIVA (Subvencionada pola Xunta de Galicia)		MATRÍCULA	SERVIZO DE COCIÑA	SERVIZO DE COMEDOR**	HORARIO AMPLIADO (HORA)
CONTÁ EN FUNCIÓN DO IPREM (600,00€)	DE	ATA	XORNADA COMPLETA	MEDIA XORNADA				
Inferior ó 30% do IPREM	0,00€	180,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€
Entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM	180,01€	300,00€	0,00€	0,00€	100,00€	25,00€	74,05€	21,16€
Entre 50% e inferiores ao 75% do IPREM	300,01€	450,00€	34,91€	17,45€	100,00€	25,00€	74,05€	21,16€
Entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM	450,01€	600,00€	69,81€	34,90€	100,00€	25,00€	74,05€	21,16€
Entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM	600,01€	750,00€	112,13€	56,06€	100,00€	25,00€	74,05€	21,16€
Entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM	750,01€	900,00€	133,29€	66,64€	100,00€	25,00€	74,05€	21,16€
Entre o 150% e o 200% do IPREM	900,01€	1.200,00€	147,05€	73,52€	100,00€	25,00€	74,05€	21,16€
Superiores ao 200% do IPREM	Mais de	1.200,00€	169,26€	84,63€	100,00€	25,00€	74,05€	21,16€

TERCEIRO. Publicar o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e en o Boletín Oficial da Provincia a efectos do seu xeral coñecemento. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://outes.sedelectronica.gal>].

Abre a **quenda de intervencións** o Sr. Alcalde, quen explica que a proposta de modificación da Ordenanza vén derivada da creación dunha unidade educativa adicional na Escola Infantil Municipal, a fin de dar cobertura á demanda existente no servizo, así como dos custos de mantemento da Escola.



Sinala que, se ben os servizos que educativos que se prestan na Escola Infantil son gratuitos para os usuarios, dada a normativa aprobada pola Xunta de Galicia, dita Administración só cubre aproximadamente un 30% dos custos de mantemento e funcionamento do servizo, de ahí a necesidade de aprobar os novos prezos públicos, que en ningún caso supoñen un incremento relevante para os usuarios.

Salienta como cambios mais relevantes os gastos de matrícula, que de ser de balde pasan a un prezo de 100 euros, se ben este custo é sufragado pola Xunta, polo que para os usuarios non suporá diferenza algunha; así como os servizos de Cociña e Comedor, que se fixan en 25 e 74,05 euros ó mes, respectivamente.

Finaliza sinalando que o obxectivo desta modificación é aproveitar ó maximo os recursos que o Concello recibe de outras administracións, e tratar de paliar o alto custo que supón o financiamento do servizo, ó que a Xunta de Galicia debería aportar unha maior porcentaxe de financiamento.

De seguido, pola Alcaldía concédese o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Francisco Calo Abelleira, quen realiza a seguinte intervención:

“O que podemos apreciar neste punto da orde do día deste Pleno sobre as variacións feitas nos prezos públicos pola prestación do servizo da Escola Infantil Municipal do Concello de Outes é que diferenza entre a Ordenanza que está actualmente en vigor e a que pretenden aprobar neste Pleno está dirixida á suba de ditos prezos.

Propoñen pasar de pagar 9 € polo servizo de cociña que está en vigor actualmente a cobrar 25 € unha vez aprobada a nova Ordenanza.

Coa súa proposta o servizo de comedor, no caso de que se instaurase, salvo os usuarios que pertencen ao 1^a tramo establecido, e dicir para aquelas familias con renda per cápita inferior ao 30% do IPREM, todos os demais usuarios pasarían a pagar por dito servizo 74,05 € independentemente do tramo de renda en que estivesen incluídos. Eso quere dicir que quen teña unha renda per cápita entre 180€ e 300 € terían que pagar os mesmos 74,05€ que aboarían os que a teñan maior de 1.200€.

A nos eso non nos parece ben. Acabamos de facer unha Declaración Institucional na que recoñecemos as dificultades coas que se encontran moitas familias monoparentais, encabezadas nun 80% por mulleres, con menos recursos e mais pobreza, e acto seguido vostedes propoñen a creación dun novo prezo público no que non teñen en conta esa circunstancia. Consideramos que sí se debería ter en conta esa situación, establecendo a contía destes prezos proporcionalmente á renda per cápita de cada usuario, tal como se estipula na Ordenanza que agora mesmo está en vigor e que vostedes pretenden variar.



Nos deste xeito non podemos apoiar a proposta que hoxe traen para a súa aprobación, polo que lle propoñemos ao Goberno que deixe encima da mesa este punto da orde do día e elabore unha nova proposta na que se teña en conta esta circunstancia.

Propoñen ademais, introducir un novo concepto de pago que non figura na actual Ordenanza en vigor. Trátase do establecemento dunha matrícula, que tería un importe de 100 €, tamén igual para todos os tramos de renda, excepto para o primeiro que sería gratuíta.

Sobre este novo concepto, queremos dicir que ningún usuario o terá que aboar, xa que é a Xunta de Galicia quen se fai cargo deste pago.”

Toma a palabra, novamente, o Sr. Alcalde, quen insiste no que significa ter unha Escola Infantil funcionando no Concello de Outes, cuxas previsións de gasto para o 2024 son de aproximadamente uns 157.550,00 euros, dos cales a Xunta de Galicia aporta 53.000,00 euros. Critica que a aportación que a Xunta outorga ás Escolas Infantís públicas é moi inferior á que outorga ás escolar privadas e concertadas.

Insiste en que os custos educativos continuarán a ser de balde para os usuarios, e que o prezo establecido para o servizo de cociña é o mesmo que o das escolas xestionadas pola Xunta de Galicia, e que non chega a cubrir o custo do servizo de comedor.

Non acepta a proposta de deixar o expediente enriba da mesa feita polo Sr. Voceiro do Partido Popular, e defende que o que se pretende coa proposta formulada é prestar un servizo de calidade con apenas custo para as familias, pois só no caso de empregarse os servizos de cociña e comedor suporía un custo para elas.

Finaliza reclamando que, entre todos, se proceda a reclamar á Xunta de Galicia unha financiación axeitada dun servizo é consecuencia da delegación de competencias da Xunta nos Concellos, e que se asuma, canto menos, un 50% do seu custo.

Intervén novamente o Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular nos seguintes termos:

“Eu sígolle insistindo en que os prezos do servizo de comedor na Xunta de Galicia son variables e entendemos que estos prezos de 74,05€ que establecen non están por tramos e creemos e consideramos que debería ser así, que teñan en conta as familias mais desfavorecidas fronte as que teñen maior ingresos e non o están facendo agora vostede sega derivando a pregunta a Xunta de Galicia, e demais, nos o que lle estamos mencionando é a normativa que están traendo ao pleno que creo que é ao que viñemos, pero se quere derivar na Xunta siga.”



Polo Sr. Alcalde respóndese que, no momento en a Xunta de Galicia financie o servizo como é debido, poderá modificarse de novo a Ordenanza para facela mais progresiva, pero que, neste momento e coas condicións actuais, este réxime de prezos é o mais oportuno.

Finalizadas as intervencións dos membros da Corporación, polo Sr. Alcalde-Presidente **sométese a votación o Ditame, reultando aprobado.**

Expediente 130/2023. Modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Providencia de Alcaldía	15/02/2024
Informe de Secretaría	2024-0036
Ditame da Comisión Informativa	22/02/2024

A Comisión de Servizos propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes nos termos en que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter dita modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días, para que Oficial da Provincia poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello [<https://www.outes.gal/>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou



entidades.

TERCEIRO. Facultar a o Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto

Durante a **quenda de intervencións**, o Sr. Alcalde explica que a aprobación deste acordo derívase das mesmas causas xa explicadas no punto da orde do día anterior: a ampliación da Escola Infantil cunha unidade educativa adicional, que supón pasar de 31 a 43 prazas. Sinala que a modificación tamén implica o establecemento dunha maior flexibilidade nos horarios de funcionamento do servizo, a fin de que as familias que así o precisen poidan levar antes ós nenos e nenas á Escola. Deste xeito, establécese a posibilidade de regular os horarios para cada curso escolar mediante Resolución da Alcaldía, sen necesidade de modificar a Ordenanza.

Non habendo mais intervencións dos membros da Corporación, polo Sr. Alcalde-Presidente **sométese a votación o Ditame, reultando aprobado.**

Mocións.

Ao abeiro do disposto no artigo 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á consideración do Pleno da Corporación, por razóns de urxencia, Mocións que se indican a continuación, sometendo a votación a procedencia do seu debate, resultando aprobada por UNANIMIDADE dos membros da Corporación.

1. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8M.

Os grupos políticos con representación no Pleno do Concello de Outes manifestan o seguinte:

O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito a igualdade e a non discriminación por razón de sexo e pola súa parte o artigo 9.2 fala da obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas.



Como cada ano, o 8 de Marzo volvemos a reivindicar a necesidade de avanzar nunha igualdade efectiva entre mulleres e homes que nos permita alcanzar unha sociedade xusta e democrática. O Concello de Outes amosa o seu firme compromiso coa promoción, protección dos dereitos das mulleres e nenas, así como coa igualdade real entre mulleres e homes, a través dunhas políticas que resolvan as desigualdades materiais e salariais que existen entre mulleres e os homes.

Somos tamén conscientes das dificultades ás que se enfrontan as familias monoparentais (encabezadas nun 80% por mulleres), as dificultades que atopan as mulleres no ámbito rural, con maior dispersión de recursos e mais dificultades no acceso ós mesmos. Mulleres con discapacidades, migrantes ou outras que se ven afectadas por distintos tipos de discriminación, por eso dende o noso concello queremos por o noso gran de área tentando mellorar cada ano, co apoio de todos os grupos políticos e LOITAR contra a violencia contra as mulleres, contra a pobreza das mulleres, contra as dificultades de acceso o mundo laboral e a discriminación nos salarios e postos por cuestión de sexo.

E por eso a Corporación de Outes invita a todo o mundo a adherirse a esta declaración e a acompañarnos nos distintos actos programados para o propio día 8 e tamén o 10 de Marzo coa “Marcha pola Igualdade”.

Sometida a votación, **a moción resulta aprobada por UNANIMIDADE dos membros da Corporación.**

2. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE OUTES SOBRE OS DEREITOS DO RÍO TINS E OS COMPROMISOS DA SÚA COMUNIDADE RIBEIRÁ.

A proposta da Alcaldía, preséntase para o seu debate e votación no pleno a seguinte Declaración institucional:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 45 da Constitución establece que todas as persoas teñen o dereito a gozar dun ambiente adecuado para o seu desenvolvemento, así como o deber de conservalo. Na propia interpretación do Tribunal Supremo, *“a diferenciación entre os males que afectan á saúde das persoas e os riscos que danan a outras especies animais ou vexetais e o ambiente débese, en grande medida, a que o ser humano non se sente parte da natureza senón como unha forza externa destinada a dominála ou conquistála para poñéla ao seu servizo”* (STS de 30 de novembro de 1990, FD 17.2).

Na última década ten gañado peso o recoñecemento dos dereitos da natureza, establecendo dereitos intrínsecos asociados a diversos ecosistemas. Xa son máis de 30



os países nos que se adoptaron instrumentos legislativos para o seu recoñecemento, en moitos casos referidos a determinados cursos fluviais como o río Whanganui en Nova Zelandia, o río Ganxes na India, o río Buriganga en Bangladesh ou o río Atrato en Colombia, e está sobre a mesa una proposta de Declaración Universidad de Dereitos dos Ríos. No caso español, a Lei 19/2022, do 30 de setembro, para o recoñecemento de personalidade xurídica á lagoa do Mar Menor e a súa conca, recoñeceu por primeira vez un ecosistema como suxeito de dereitos.

Para o Concello de Outes, o río Tins é un elemento vertebrador do territorio e configurador da paisaxe, desempeñando funcións ecolóxicas esenciais. Cun percorrido de 15 km e unha conca de 45 km², atravesa o concello de norte a sur na súa zona central, fusionándose na súa desembocadura nunha zona de marismas de grande importancia ecolóxica, e inserida na Rede Natura 2000 como parte do LIC Esteiro do Tambre, ao que suministra nutrientes. A importancia histórica dos usos tradicionais de regadío, moenda e pesca súmase a súa importancia contemporánea para o lecer, celebración e deporte.

Na sesión de gobernanza “O Futuro do río Tins”, organizada na Casa da Cultura da Serra de Outes o 3 de marzo de 2023, o medio cento de persoas participantes, representando numerosas entidades e grupos de interese do concello, valoraron a importancia que para cada persoa e colectivo tiñan distintas facetas do río Tins para a súa vida e a das comunidades ribeirás:

- como espazo e fonte de auga limpa
- como foco e corredor de biodiversidade
- como fonte de vida e chave do ciclo hidrolóxico
- como espazo con ribeiras arboradas e vivas
- como lugar de festas e celebracións
- como vínculo coa ría e o seu esteiro
- como suxeito de dereitos
- como espazo histórico e de patrimonio cultural
- como lugar de paz, beleza e tranquilidade
- como espazo para actividades e lecer
- como chave na prevención de inundacións
- como lugar único e especial que fai parte da identidade

Na mesma sesión, as participantes imaxinaron como lles gustaría que fose o río Tins daqui a 10 anos, en 2033. As múltiples ideas compartidas nesa xornada axudaron a dar forma a unha serie de compromisos, reflectidos nesta Declaración e que foron consensuados e completados nunha segunda sesión de gobernanza sobre “Os Dereitos do río Tins” celebrada na Serra de Outes o 15 de decembro de 2023, de novo contando



cunha nutrida representación de colectivos e comunidades locais.

A importancia que o río Tins ten para as súas comunidades ribeirás e para o conxunto da cidadanía xustifica o interese e participación en proxectos que buscan a súa conservación, e motivan a presente iniciativa cidadá para plasmar nunha declaración institucional tanto o recoñecemento de dereitos do río Tins como ecosistema vivo, como os compromisos que asume a propia comunidade ribeirá e as súas institucións para velar pola preservación dos mesmos.

A adopción en Pleno desta Declaración Institucional incardínase nas competencias municipais para velar pola protección do medio ambiente, no seu sentido máis amplo, tal e como recoñece a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80, referendadas pola interpretación do Tribunal Supremo, que lembrou, en relación a esta competencia, que *"non ofrece dúbida a transcendencia que esta ten para a veciñanza que convive en cada municipio, pois, como é coñecido, se algo caracteriza a Administración local é a súa proximidade á cidadanía e á intermediación cos problemas"* (STS de 26 de xullo de 2006, FX 5).

Por todo o anterior, o Pleno do Concello de Outes aproba a seguinte:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE OUTES SOBRE OS DEREITOS DO RÍO TINS E OS COMPROMISOS DA SÚA COMUNIDADE RIBEIRÁ

1. Dereitos do río Tins

Proclámanse os seguintes Dereitos do río Tins e da súa bacía hidrográfica no ámbito municipal do Concello de Outes:

1. Dereito á vida e a existencia como ecosistema en equilibrio para continuar dando vida e benestar ás comunidades humanas e non-humanas que vertebra e acolle e desempeñando as súas funcións esenciais, como son a conectividade, movemento e depósito de sedimentos e nutrientes ou a recarga de augas subterráneas.
2. Dereito a estar limpo e libre de contaminación e outras actividades que supoñan un risco ou prexuízo ao ecosistema.
3. Dereito a allimentar e ser alimentado por acuíferos e nacentes ben conservadas.
4. Dereito á renaturalización e rexeneración das súas capacidades biolóxicas, dinámicas naturais e resiliencia e a continuar evolucionando naturalmente sen interrupcións causadas pola actividade humana.
5. Dereito á protección e conservación, mediante os instrumentos de planificación e ordenación do territorio dispoñíbeis.



6. Dereito a fluír de xeito libre e sen impedimentos, desde as súas fontes ata a ría, de modo que continúe sendo peza fundamental dun ecosistema saudábel.
7. Dereito a ser respectado e a manter a súa identidade e integridade como ecosistema único e auto-regulado.
8. Dereito a manter e recuperar as súas marxes e os seus bosques de ribeira, cuxas raíces estabilizan as marxes e serven como protección en episodios de cheas.
9. Dereito a que se conserve, divulgue e transmita interxeracionalmente o patrimonio cultural e biocultural, material e inmaterial, que alberga e ao que dá sentido.
10. Dereito á reparación e restitución fronte a calquera dano, pasado, presente ou futuro, que teña sido causado pola acción ou omisión humana, e que vulnere os dereitos establecidos nesta Declaración.

2. Compromisos da comunidade ribeirá do río Tins

A comunidade ribeirá do río Tins no Concello de Outes, comprendida pola veciñanza das parroquias da súa conca hidrográfica, as súas institucións, entidades e colectivos, así como polas restantes persoas usuarias, visitantes e beneficiarias do río Tins, asumen os seguintes Compromisos:

1. A recoñecer, respectar e promover os dereitos e compromisos establecidos nesta Declaración.
2. A gozar e agradecer a beleza, os múltiples presentes da natureza e os beneficios para a saúde física e mental que ofrece o río Tins á comunidade, presente e futura.
3. A actuar de xeito efectivo e inmediato ante a infracción dos dereitos do río Tins, particularmente ante a existencia de verteduras contaminantes, presenza de lixo, danos ao patrimonio cultural e biocultural, apropiación das marxes e impedimento do dereito de paso, e outras agresións que supoñan a destrución dos ecosistemas ou a alteración dos ciclos naturais, garantindo que estas sexan reparadas e se esixan as correspondentes responsabilidades.
4. A actuar fronte a presenza ou introdución de especies exóticas invasoras e doutros organismos ou material orgánico ou inorgánico que poidan alterar o patrimonio biolóxico do río Tins.
5. A non vivir de costas ao río, asumindo o papel de axentes activos para a renaturalización, rexeneración e recuperación do patrimonio natural do río Tins e das súas ribeiras.
6. A recuperar a fauna fluvial, hoxe minorada, con medidas como a introdución e mellora de escalas para peixes e a consolidación ou creación de illas e corredores



- de biodiversidade.
7. A defender e por en valor o patrimonio cultural, histórico e biocultural, tanxible e intanxible, asociado ao río Tins e ás súas ribeiras, recuperando muíños, pontellas e outros elementos da arquitectura popular, xunto coas súas historias orais e escritas que conforman a identidade das comunidades ribeirás.
 8. A promover iniciativas de ciencia cidadá e investigación sobre o ecosistema do río Tins, os seus valores naturais e patrimoniais e as ameazas existentes ou posíbeis.
 9. A emprender campañas de divulgación, concienciación, voluntariado e educación ambiental sobre a importancia ecosistémica do río Tins, dos beneficios da súa protección e das ameazas ás que se enfrenta.
 10. A recuperar espazos para o baño e o lecer de xeito respectuoso coa integridade do ecosistema.
 11. A promover a educación e a transmisión interxeracional de coñecementos e da memoria social e historia asociada ao río, os seus espazos, usos tradicionais e patrimonio biocultural.
 12. A participar de xeito efectivo e real na gobernanza e nas decisións que se adopten sobre o río Tins e as súas ribeiras, incluíndo o exercicio pleno dos dereitos establecidos na Convención de Aarhus no ámbito dos dereitos de participación, acceso á información ambiental e acceso á xustiza no ámbito ambiental.
 13. A defender nas institucións a necesidade das intervencións, investimentos e modificacións normativas que sexan necesarias para o mellor cumprimento dos Dereitos do río Tins, en ámbitos como o saneamento, a restauración do patrimonio natural e cultural e o control de especies exóticas invasoras.
 14. A recuperar e potenciar a agricultura ecolóxica nas zonas de ribeira poñendo en valor as variedades e produtos locais como base dunha gastronomía saudábel e de calidade vinculada á propia saúde do medio natural.

Sometida a votación, **a moción resulta aprobada por UNANIMIDADE dos membros da Corporación.**

Rogos e Preguntas.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Outes, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fai as seguintes PREGUNTAS ao Grupo de Goberno:

PREGUNTA (D^a Maria Beatriz Molinos Vidal): Nunha das relacións de facturas do REC



2/2024, concretamente na X/2023/3, figura unha con data de documento 13/12/2023 e num. EIT-46, da empresa Viajes Santiago, S.A., en cuxo concepto de operación figura: “Viaxe 2 persoas e aloxamento 1 persoa. Evento Internacional 6 en Rumanía (22 ? 26 de novembro 2023) – Proxecto 101091” por valor de 1.287,00 €.

As nosas preguntas ao respecto son:

- ¿En calidade de qué viaxaron esas persoas e quen es foron?
- ¿Qué cometido levaron a cabo en Rumanía?
- ¿Cal é o motivo polo que según se desprende da descripción que figura na relación, a factura comprende a viaxe de dúas persoas pero só o aloxamento dunha?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): Esta viaxe ten que ver coa participación do Concello nun proxecto a nivel europeo dirixido ó intercambio de experiencias en materias de xestión pública local. Tratábase do sexto seminario, que se desenvolveu en Rumanía, e estaba previsto que asistira tanto o Sr. Concelleiro de Educación como a persoa responsable da asistencia técnica na materia. Trátase dun proxecto financiado ó 100%, polo que non supón custo algún para o Concello de Outes. Deuse a circunstancia de que, finalmente, por un imprevisto, o Sr. Concelleiro non puido asistir ó seminario, e ese é o motivo polo que na factura só consta o aloxamento dunha persoa, mentres que constan dous cargos de viaxes porque os billetes non puideron ser devoltos.

PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira): No Pleno Ordinario do pasado 31 de agosto do 2023, o Grupo Municipal do Partido Popular fíxolle unha pregunta ao Goberno interesándose polos pagos das axudas económicas destinadas ás Comisións de Festas das distintas parroquias do noso Concello. Naquel intre o Concelleiro de Cultura, D. Anxo Núñez, contestou que se pagarían antes de rematar o ano 2023.

- ¿Foron aboadas esas axudas por parte do Concello? Se a resposta é negativa, ¿Cal é o motivo polo que non foron pagadas?
- ¿Con qué data se pagaron estas axudas correspondentes ao ano 2022?

RESPOSTA (D. Anxo Núñez, Sr. Concelleiro de Cultura): por desgraza, como era intención do Goberno Municipal, non foi posible proceder ó seu abono no ano 2023 por circunstancias administrativas especiais, dada a ausencia da Intervención Municipal. A tramitación das subvencións por concorrencia competitiva quedou tramitada no seu momento, e con coñecemento de todas as asociacións afectadas. Agora estase tentando



axilizar a xestión o máximo posible, xa contamos coa proposta de resolución que se está informando para poder proceder ó pago o antes posible.

No tocante á segunda pregunta, as axudas foron pagadas o 25 de maio do 2023.

RÉPLICA (D. Francisco Calo Abelleira): como sabe, en Outes hai entidades e grupos de persoas que contribúen a “facen concello”. As Comisións de festas son un exemplo do que digo: contribúen a manter tradicións, a facer comunidade e a dinamizar economicamente a vila.

Falamos de xentes que, voluntaria e gratuitamente, se organizan para realizar actividades de interese social (festas...ou actividades deportivas ou culturais), dun xeito, seguramente, máis eficiente que o demostrado por moitas administración, sen sinalar a ninguén. Se non existisen as asociacións, as administración terían que crear con maior coste mais estruturas, a acabarían realizando as actividades dun xeito máis artificial.

Así as cousas, o lóxico e que administracións axuden a esas entes a través da técnica da subvención ou dalgunha técnica semellante.

Agora ben, o que non é lóxico é conceder axudas para non aboalas nun prazo razoable.

As axudas ou subvencións están para incentivar a realización de actividades por parte de entidades formadas por veciños e veciñas pero si a administración se retrasa nos pagos das cantidades comprometidas...en vez de incentivar a continuidade da actividade nos seguintes anos... o que se fará é desincentivalas.

Xa os trámites das subvencións ou das axudas son en moitos casos moi moi laboriosos sobre todo as de concorrencia competitiva como por riba para xerar retraso e incerteza en canto ao seu cobro.

Por iso sería bó que tomara conciencia sobre o prexuízo que se lle causa ao interese xeral da actividade subvencionada (e xa non só ao interese dos beneficiarios directos da subvención) cando se acumulan retrasos, e os promotores dunha actividade poden chegar a conclusión de que non vale a pena o esforzo dada a pouca sensibilidade do concello.

Estaría ben, estaría ben, que buscasen algunha formula de subvención para que as comisión de festas puideran cobrar nun prazo razoable, vimos dun mandato onde non as axudas do ano 2022 se cobraban en maio de 2023, as axudas do ano 2023 estamos a piques de chegar a Marzo do ano 2024 e están sen cobrar, dixéronnos que se cobrarían a final de ano e seguimos en que se paguen, polo tanto tomen boa conciencia porque as asociacións das comisións de festas merecen que se lle pague nun tempo razoable e non como ben dixo vostede señor Núñez que por eficiencia e funcionalidade do concello e



mellor pagar todo a final de ano, iso dixo vostede no pleno do 31 de agosto, se cambiou de parecer ben, a min tamén me gustaría que cambiara de parecer nese sentido.

RÉPLICA (D. Anxo Núñez Fernández): somos plenamente consciencites da importancia que ten o tecido asociativo e as comisións de festas, e dende logo valórase moitísimo o traballo realizado por ditas entidades, pois é algo moi importante e que lle da vida ao noso Concello e ao noso territorio, o que cohesiona e que fai vida en común. Pide desculpas por que non se cumpriran os prazos de pago, e comprométese a intentar axilizar o máximo posible a tramitación de estas axudas de agora en diante, e intentar que as axudas de este ano se concedan o antes posible. Dende logo, o que se vai a seguir facendo, e intentando mellorar, será a colaboración que presta o Concello por outras vías, non só exclusivamente económica.

PREGUNTA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): O pasado día 22, o Sr. Alcalde convocou un Pleno Extraordinario e Urxente co motivo de aprobar un REC no que se incluían facturas dende o ano 2020, de toda índole, por valor de 188.964,95 €. Na convocatoria deste Pleno, vostede motivaba a urxencia do mesmo na necesidade de pagar facturas que posibilitasen a xustificación en tempo e forma das subvencións correspondentes.

Ao non pasar o expediente por unha Comisión Informativa, o noso Grupo, no mesmo Pleno, pideulle ao Goberno que se lle aclarasen dúbidas ao respecto do único tema da orde do día, daquela o Sr. Alcalde díxonos que non era o momento de facer preguntas sobre o asunto que se estaba tratando, que podería contestar algunhas pero para contestar outras, non estaba preparado.

Como seguimos tendo dúbidas ao respecto e non nos quedaron claras ás respostas que nos dou no devandito Pleno, queremos preguntarlle ao Goberno:

Cales son concretamente as facturas incluídas no REC 3/2024, que están vinculadas a algunha subvención?

- ¿A que subvencións concretamente están vinculadas?
- ¿En qué Boletín ou documento similar figuran as Bases desas subvencións?
- ¿Cal foi a razón pola que esas facturas non se pagaron con anterioridade?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): Trátase dunha factura de ATTENDE CARE S.L., Factura n.º F/2024/246, e das Liquidacións do CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, se ben a que tiña que estar pagada antes de hoxe, é a de ATTENDE CARE S.L., que se corresponde co Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios



2023, cuxas bases foron publicadas no BOP o 28/11/2022. O motivo polo que non se pagou antes, foi porque a factura foi recibida o 26 de xaneiro de 2024, e non foi posible tramitala antes.

RÉPLICA (D^a Maria Beatriz Molinos Vidal): Vale , ou sexa, vostede dixo no Pleno que as facturas de “Xantar na Casa” tamén estaban vinculadas a unha subvención, pero polo visto non é así.

RÉPLICA (Sr. Alcalde): Están vinculadas, pero o que se dixo e se di agora, é que esas facturas sí podían ter vido ó Pleno de hoxe sen que se perdera a subvención, mentres que a de ATTENDE CARE, non.

D^a Maria Beatriz Molinos Vidal: Entón, fixeron un Pleno urxente para pagar máis de 188.000 €, por unha factura de trinta e pico mil euros.

Sr. Alcalde: Deronse dúas razóns, unha é esa, e outra débese a que, doutra maneira, dende os Servizos de Intervención, no mesmo día, debían tramitarse dous expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos. Vostede agora mesmo está fiscalizando esas facturas e preguntando todas aquelas cuestións que non foi posible aclarar no Pleno anterior, polo que os dereitos da oposición non están sendo vulnerados.

D^a Maria Beatriz Molinos Vidal: Faltaría máis, pois a nos parécenos que era cuestión de pagalas, claro que sí, era urxente pagalas todas.

Sr. Alcalde: non hai quenda de réplica, agora tócalle formular a seguinte pregunta.

D^a Maria Beatriz Molinos Vidal: Sr. Alcalde, se vostede me interrompe e eu lle deixo que me interrompa, supoño que despois poderei seguir falando, ou é vostede da escola dos que dín: non falen cando eu interrompo?

Sr. Alcalde: Non, desculpe, é unha cuestión de orde. Vostede fixo unha primeira pregunta, eu contesteilla. Vostede replicou, e eu repliquei. Acabouse esa pregunta.

D^a Maria Beatriz Molinos Vidal: Non, Sr. Alcalde, vostede pidéume permiso para interrompirme e eu deille ese permiso, pero xa vexo que a vostede non se lle pode dar permiso para nada.

Sr. Alcalde: Desculpe, enton, agora o que ten vostede que facer é leer a seguinte pregunta, porque se non, non imos rematar nunca.



PREGUNTA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): Con respecto á factura EV4679 de data 03-01-2024 da empresa Nemesio Ordoñez, S.A. con rexistro de entrada do 4 de xaneiro, en cuxo texto explicativo figura “Escombros sen clasificar depositado en decembro do 2023” por valor de 2.112 €, queremos saber:

- ¿Ca foi a procedencia concreta dese escombros?

Sr. Alcalde: Contéstolle a esta pregunta, verdade? Non quere continuar vostede?

D^a María Beatriz Molinos Vidal: Eu estou ás súas ordes Sr. Alcalde, cando vostede me interrumpa, eu farei o que considere oportuno.

RESPOSTA (Sr. Alcalde): Esta factura corresponde ó escombros procedente da limpeza de dous camiños de Mirás nos que se foran depositando residuos dende había moitos anos. A empresa contratada conta cunha planta de tratamento de residuos para tratar estes escombros.

RÉPLICA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): Pois sí, consideramos que era urxente pagar esa factura, como urxente era no caso das de “Xantar na Casa” pagar esas facturas, e creemos que deberían ser máis rigurosos e facilitar o bo funcionamento dun programa dirixido aos máis vulnerables, e tamén no caso da factura da que falábamos antes, a do SAF, gustaríanos recordarlle que a empresa que presta o servizo, faíno sen ningunha vinculación contractual co Concello, e polo que pasou coa licitación e co que todos sabemos da súa incomprendible lentitude para resolver estas cuestións, sabe Dios cando o asunto estará regularizado e o servizo prestado coas garantías que aporta ter feita unha licitación e unha axuda sería. É o que quería dicir antes.

PREGUNTA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): Con respecto a unha factura emitida pola Redacción do Proxecto de Execución da Humanización da Praza do Concello por valor de 7.392 €. emitida en xuño do ano pasado,

- ¿Ca foi a razón de que non se aprobase a factura ata finais de febreiro deste ano?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): A razón ten que ver co retraso que, lamentablemente, se foi acumulando coa tramitación das facturas, situación que vostedes xa coñecen porque preguntaron en numerosas ocasións, e sendo esta unha das facturas afectadas. Xa se comentou a situación co proveedor, e pagouse, mais tarde do que queríamos, pero xa se pagou.

RÉPLICA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): Entenderá vostede que nos custe creer que un autónomo ou unha empresa que fai un traballo e emite unha factura polo mesmo feito,



non teña a intención e o gusto de cobrala. Vostede sempre dí que os provedores están de acordo en que non se lle paguen as facturas, eu penso que vostede nos quere facer creer que os provedores deste Concello en lugar de pedirles que lles abonen rápidamente os seus traballos, o que lle dín é : Por favor Sr. Alcalde, non me pague que non quero cobrar. Con todos os meus respetos, iso, Sr. Alcalde, non hai quen o crea.

PREGUNTA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): No que se refire ás certificacións finais das obras que figuran no texto explicativo da relación x/2022/27 como: Modificado da senda peonil entre a Praia de Broña e a entrada a Tavilo, Rehabilitación do Estaleiro Tradicional Ciprián e Pavimentación en Brión de Arriba e outros, tendo todos os documentos data de emisión entre outubro e novembro do ano 22:

- ¿Cales foron as razóns concretas de que os pagos desas certificacións non se aprobasen ata finais de febreiro deste ano?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): As razóns son as mesmas que as anteriores, o retraso na tramitación dende o departamento económico durante parte do ano 2022 e 2023, onde xurdiron unha serie de problemas que, por sorte, foron solucionados fai uns meses. A xestión non foi todo o adecuada que debía ser, e por ilo xa se pediu desculpas aos provedores.

RÉPLICA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): Nunha cousa sí que lle dou a razón, en que a xestión non é todo o adecuada que debería ser, porque ter facturas correspondentes a liquidacións de obra do ano 2020 e 2022, e pagalas no ano 2024 creo que non pode ser achacado ao motivo de que houbera retrasos en intervención, de que non tivera traballadores etc. , porque como vostedes sempre din o mesmo, din que “foi debido aos problemas que tivemos en intervención”, eu dígolle tamén sempre o mesmo: que ese mesmos problemas, e peores, tamén os houbera en anteriores mandatos e, daquela, nunca sucedeu isto de ter facturas de hai dous anos sen pagar. Aquí o único que cambiou foi o Goberno, todo o demais non cambiou. Incluso mellorou porque agora teñen máis persoal do que había antes, noutros mandatos.

RÉPLICA (Sr. Alcalde): Algunhas facturas sen pagar doutos mandatos sí que había, como vostedes seguramente saben, pero, en calquera caso, estase traballando para mellorar esta situación e penso que a imos mellorar. Temos tres anos e medio para melloralo.



PREGUNTA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): A obra que se corresponde co Proxecto de Mellora da 2^a Fase da Praza de Galicia foi adxudicada, segundo consta na Plataforma de Contratación do Estado, o día 17 de setembro do ano 2020. Podemos ver que a actuación xa leva bastante tempo finalizada, e poren non fomos quen de ver nas actas das Xuntas de Goberno Local ás que temos acceso, que fose aprobada ningunha certificación ao efecto, as nosas preguntas ao respecto son:

- No caso de que se aprobara algunha Certificación ao respecto, ¿En que Xuntas de Goberno Local se aprobaron as Certificacións desa actuación, cantas foron e por qué valores?
- De non ser así e de non estar feito o pago desa actuación, ¿Cales son ás razóns concretas pola que non se abonou?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): As Certificacións e facturas foron aprobadas por Resolución de Alcaldía avocando a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, e ese é o motivo polo que non viron dito asunto nas Actas das sesións de dito órgano. De todas maneiras, tamén tein acceso completo ó Libro de Decretos. Trátase de dúas Certificacións, a primeira delas foi aprobada o 27 de decembro de 2022 por valor de 74,415,54 €, e a segunda foi aprobada o 29 de decembro de 2023, por valor de 6.424.69 €, e ambas están abonadas.

RÉPLICA (D^a María Beatriz Molinos Vidal): Vale, pois alégrome moito de que estean abonadas e que o Sr. Alcalde avocase as competencias da Xunta de Goberno Local. como acostuma a facer con outras moitas cousas por este procedemento. O que lamentamos é o mesmo que decíamos antes, que unha obra que se tivo que ter rematada no ano 2021, se acabase de pagar no ano 2023... Non me interrompa, por favor, que quero seguir falando..... paréceme que non sei no que vai desembocar isto. Quédanlle tres anos e medio para facelo, como acaba de decir vostede, pero arreglar case cinco anos de desatinos e despropósitos, en tres anos e medio...ao mellor é pouco tempo. Nada máis e moitas grazas.

RÉPLICA (Sr. Alcalde): Moitas grazas, en calqueira caso, difícilmente podíamos pagar antes do 2023 unha factura que nos chega en setembro de 2023, supoño que vostede o entenderá. Igual non viu ben as facturas, pero a da última Certificación é de setembro do 2023, foi cando se emitiu pola empresa. Agardamos que a situación mellore e estamos seguros de que vai mellorar e vamos a seguir traballando polo ben de Outes, que é o que quere este Goberno. Nós gobernando, e vostedes, na oposición.



E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 20:48 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

